



REGULAMENTO PARA OS CIRCUÍTOS GALEGOS DE DUATLON E TRIATLON E CAMPIONATOS GALEGOS TEMPADA 2015

1. 1-A. A Federación Galega organizará na tempada 2015 a XXV edición dos Circuitos Galegos de Duatlon e Triatlón (Cpto Galego de categorías), Campionato Galego de Duatlon de Estrada, Campionato Galego de Triatlón de Estrada, Circuito de Duatlon Cross e Cpto Galego de Duatlon Cross, Campionato Galego de Acuatlón, Campionato Galego de Triatlón Cross, Campionato Galego de Longa distancia de Triatlón e Campionato Galego de Triatlón de Menores (VIII).

1-B. O Campión Galego, de calquer modalidade, terá que estar en posesión de licenza galega de tempada e ser nado en Galicia ou estar empadroadado nun concello galego.

2. a) O Campionato Galego de Duatlon e Triatlón de estrada nas categorías, Sub23 e Absoluta, así coma na de clubs disputarase nunha proba única, con dúas carreiras totalmente independentes (masculina e feminina).

Con menos de 25 mulleres non será obrigatorio facer dúas saídas totalmente independentes.

b) O campionato galego para a categoría cadete será a unha soa proba, a realizar co resto das categorías menores, podendo participar igualmente no circuito.

c) Os circuitos galegos constarán de entre 3 e 5 probas que serán clasificatorias para a final do “Campionato Galego”.

d) As campioas femininas Júnior, Sub23, Absolutas e Veteranas (I, II e III) sairán da final individual.

Os campións galegos sairán da final e nas categorías que falten meteranse os dos circuitos.

3. Na proba masculina haberá sempre dúas carreiras (1ª e 2ª) con clasificación única, pero sempre irán diante os da proba rápida (2ª); co fin de evitar dúas carreiras lentas, unha delas (a “2ª”) terá sempre un tempo límite para realizala. Para a final galega só se clasificarán os que participen na proba rápida.

3.1. Carreira Feminina: Nos circuitos as mulleres deberán coincidir, de ser posible, coa saída rápida.

4. Para clasificarse para os Cptos Galegos “Elite e Sub23” será necesario gañar a praza nalgunha das probas do circuío do seguinte xeito:

* O número de deportistas que se clasifica para cada final comunicárase con antelación suficiente cando se anuncien as probas do circuío. Aqueles deportistas xa clasificados non quitarán postos, é dicir, en cada proba clasifican novos deportistas, *(en función das probas a Comisión Delegada poderá modificar proporcionalmente o número de clasificados comunicándoo previamente).*

*A 2ª saída “Rápida” estará aberta a todo deportista que o considere pero tendo en conta que deberán de entrar no tempo de corte marcado previamente. Este tempo de corte estará publicado polo delegado técnico co regulamento da proba, eliminaranse ós corredores no sector ciclista si superan este tempo de corte.

4-BIS.- No caso das mulleres é imprescindible rematar, como mínimo, unha proba de circuío para participar na final individual. Para a puntuación por clubs seguiranse as mesmas normas que para os homes.

5. No Cpto Galego Elite aplicarase a norma de corredor dobrado, corredor eliminado ou tempo de corte, aínda que isto pode modificarse sempre que dean 6 ou máis voltas.

6. Os tres primeiros clubs do ano 2014 disporán de tres invitacións masculinas e 2 femininas.

Do 4º ó 6º club disporán de 2 e 1.

O resto disporán de 1 e 1.

A Dirección Técnica da FEGATRI disporá de 3 e 3 invitacións, que poderá dar ou non, avaliadas as solicitudes presentadas. As solicitudes deben ser motivadas e presentadas á Federación ó remate dos circuíos. As invitacións non alterarán a participación dos equipos (é dicir, para o equipo que non teña previamente á final tres clasificados, como mínimo, non lle puntuará o deportista invitado; no caso de telos xa clasificados, puntuará coma un máis).

As invitacións só serán para federados galegos.

7. A clasificación de clubs farase no Cpto Galego para aqueles que teñan 3 deportistas; o resto a partir de aquí engadiranse por orde de clasificación no circuío.

8. Para puntuar nos circuíos non é necesario rematar un número mínimo de probas; a Comisión Delegada comunicará antes do inicio de cada circuío cantas probas puntuán. De suspenderse algunha proba das previstas inicialmente, a Comisión Delegada tomará as decisións oportunas conforme ó artigo 12 do presente regulamento.

9. En cada proba haberá clasificación individual, xeral e por categorías e xénero; tamén haberá clasificación por clubs (masculino e feminino, categoría única). Para puntuar como club é necesario ter ficha por ese club (non se pode cambiar de club durante a tempada).

10. Para participar nas probas dos Circuíos de Duatlon e Tríatlon é necesario estar en

posesión da licenza federativa 2015. Os xuíces pedirán antes do inicio da proba a licenza (e en caso necesario o DNI) a cada participante previamente á entrada na "área de transición".

11. A inscrición para participar nunha ou en tódalas probas de circuío, a aboar á federación coa tramitación das licencias de Club ou independente, será de 300€ para clubs e de 100€ para independentes . As probas de circuío poderán custar a cada participante entre 0 € e 30€ , segundo o decida cada organizador.

12. Clasificacións individuais do circuío :

a) Sumaranse os mellores postos de cada deportista segundo a taboa B e vencerá o que menos puntos sume (en cada proba na que non se participe ou non se remate consideraranse 300pts. expl.

Taboa A:

P1	P2	P3	P4	Puntos
1º	2º	1º	3º	4pt
2º	3º	*	4º	9pt
1º	*(300p)	*	3º	304pt
1º	*(300p)	*(300p)		601pt

Taboa B:

CLASIFICACIÓN CIRCUÍTOS	
Nº PROBAS	SUMA DOS
	MELLORES POSTOS
<u>3</u>	<u>2</u>
<u>4</u>	<u>2</u>
<u>5</u>	<u>3</u>

- b) Si se suspende unha proba do circuío, a Xunta Directiva intentará substituíla por unha nova, na mesma data, de contar co tempo necesario.
 En caso de empate, vencerá o que máis primeiros postos acade.
 d) De seguir o empate vencerá o que mellor posto acade na última proba.

13. Clasificacións de clubs do circuío:

- a) En cada proba de circuío sumaranse os tempos dos tres mellores deportistas de cada club na clasificación masculina, e tres na feminina. Vencerá o que menos tempo sume. Teranse en conta as dúas probas, elite e categorías.
 b) En caso de empate a tempos, vencerá o club que clasificara primeiro ó seu mellor deportista.
 c) Na clasificación final de Circuío, sumaranse os "x" mellores postos. d) En caso de empate seguiranse os mesmos criterios da clasificación individual.

*** A Clasificación de Clubs para o Campionato Galego de Duatlon e Tríatlon de Estrada será a resultante do Cpto Galego Elite e Sub23. Para puntuar nesta proba os clubs deben rematar a proba cun mínimo de tres deportistas. A partir desta clasificación engadiranse os clubs clasificados segundo os apartados anteriores.

14. Trofeos:

- A) En cada proba de circuío entregaranse como mínimo tres premios (trofeo ou medalla) a cada categoría masculina e feminina: Cadete, Junior, e Veterano, así mesmo tamén se entregarán premios ós tres primeiros/as clasificados/as da carreira elite (absolutos e sub23).

En cada categoría deberá haber polo menos cinco participantes para que sexa obrigatorio dar premios. De non ser así seguiremos o marcado nos estatutos da Federación Española de Tríatlon.

- B) 1. En probas non gratuítas (que non sexan de circuío) darase, como mínimo, un premio económico M e F.
2. En tódalas probas de circuío daranse como mínimo os seguintes premios: 1º e 1ª 150€, 2º e 2ª 100€ e 3º e 3ª 50€; a clubs : 200€ ó 1º M e ó 1º F (si se dá só ó primeiro).

15. A) Tamén no caso de clubs, nas probas de Duatlon e Tríatlon entregaranse tres premios, tanto a homes coma a mulleres. A clasificación é para categoría única por xéneros.

- B) O campionato Galego oficial da categoría cadete será o que se celebre na competición denominada “Categorías Menores”.

16. Sobre cada proba:

- a) Cada organizador ten a obriga de informar a tódolos clubs, como mínimo, con quince días de antelación das normas da súa proba (horarios, lugar, custe, inscricións, etc).
- b) Cada proba pasará o visto bo dun Delegado Técnico, xuíz/a do Colexio de Xuíces da F.G.T, que pode chegar a suspender unha proba si esta non reúne as condicións de seguridade ou de nivel deportivo suficientes. O 1º informe débese facer como mínimo con suficiente antelación á proba, para que, en caso necesario, se arranxen as deficiencias observadas.
- c) En cada proba haberá como mínimo, un Delegado técnico, un xuíz árbitro e sete oficiais. Si pasa de cen participantes, haberá como mínimo oito oficiais. Cada oficial cobrará 41,10€, o Xuíz árbitro cobrará 47,12 € e o Delegado Técnico cobrará 63,75€. Os xuíces cobrarán as arbitaxes de cada mes xuntas vía transferencia bancaria (será a Federación a encargada de ingresarlles a principios do mes seguinte). O organizador pagará ó Colexio de Xuíces un canon de 60€ para mantemento do material e necesidades do colectivo.
- d) No caso de dar tres ou máis voltas a un circuío, o organizador terá que poñer como mínimo dúas persoas "conta-voltas" ó servizo dos xuíces. A organización será responsable de asegurar que os deportistas cubran, nos puntos afastados do circuío, correctamente o mesmo.
- e) Na liña de saída das probas terá que haber unha megafonía, suficiente para proporcionar a información necesaria.
- f) Haberá un local achegado habilitado para reunirse os xuíces e o comité de apelación da proba por se fora necesario.
- g) As clasificacións de cada proba estarán confeccionadas no prazo máis breve posible. A clasificación definitiva cos tempos dos participantes, deberá ser accesible para os clubs en canto estea confeccionada. Para posteriores reclamacións seguirase o marcado nos regulamentos da Federación Española. Publicaranse antes de 24 horas na web da Federación.

- h) Os/as deportistas e/ou clubs que non estean na entrega de premios (salvo causa de forza maior) non os recibirán, e serán sancionados por desconsideración ó organizador e ó resto dos deportistas (segundo os estatutos en vigor). Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ó podio será sancionado con 100 euros e non poderá participar ata o seu abono.
- i) A Fegatri disporá dunha folla de valoración de probas, tódolos clubs poderán puntuar ó final da competición o nivel da proba. Esta folla utilizarase á hora de adxudicar novas organizacións de probas e para mellorar a tempada seguinte. En dita puntuación terase en conta a seguridade da proba, os servizos para o deportista (vestiarios, información xeral, premios etc.). A puntuación irá de 0 a 10 puntos, se máis da metade de clubs participantes suspenden a un organizador non entrará a súa proba no Circuito do ano seguinte (a maiores deberá superar as probas que o Comité Técnico considere necesarias). As puntuacións para ser válidas deben ir asinadas polo delegado de cada club.

17. Os manillares das bicis cumprirán en tódalas probas de circuito, coa normativa en vigor da Federación Española de Tríatlon; seguirase o mesmo criterio para os cascos.

18. En Duatlon, con cronometraxe manual, levaranse dous dorsais collidos con catro imperdibles cada un (no peito e nas costas) e non poderán dobrarse. Non cumprir esta norma levará consigo a descalificación. Os dorsais deberán ser dun material que non se estrague coa auga.
Con cronometraxe electrónico poderase levar igual que en Tríatlon (con goma).

O Chip será obrigatorio levalo (atendendo ás normas de cada competición) e comunicar o seu extravío.

19. Os premios económicos do Cpto Galego Elite de Duatlon e tríatlon para o 2015 serán os seguintes:

	<u>Tríatlon</u>	<u>Duatlon</u>
1° Msc/ Fem	500 €	500 €
2° Msc /Fem	250 €	250 €
3° Msc /Fem	150 €	150€
1° Club Msc/Fem	600 €	600 €
2° Club Msc/Fem	300 €	300 €
3° Club Msc/Fem	200 €	200 €

- 20. Ningún deportista cunha sanción aplicada polo comité de disciplina da F.G.T. no transcurso do 2015 terá acceso a ningún premio final de Circuito.
- 21. Todo deportista que invada o circuito cando se estea desenvolvendo unha proba doutra categoría, será penalizado da seguinte forma: ó 1° aviso –tarxeta amarela, se non corrixe –tarxeta vermella.
- 22. Para as probas autorizadas pola Federación, que non sexan de Circuito ou Campionato Galego, seguiranse os mesmos criterios que para as de circuito en materia de seguridade e niveis básicos.

23. A) Para confeccionar as clasificacións finais non se terán en conta os deportistas e/ou clubs con ficha doutra CC.AA. Si se terán como postos válidos ós deportistas independentes con licenza galega.
B) Nas probas “piratas” e/ou sen o visto bo da FEGATRI, non terá vixencia a “licenza -seguro deportivo” da Federación. Os clubs non promoverán este tipo de probas.
24. A clasificación do circuío de Duatlon Cross seguirá o mesmo criterio que o establecido para os Circuitos de Duatlon e Tríatlon de estrada. Neste circuío poden participar deportistas con ficha de un día, pero en ningún caso, serán campións galegos (nin absoluto nin de categorías). Si poden acceder ós trofeos de cada unha das probas.
25. Nos Ctos Individuais de Acuaton, Tríatlon Cross, Tríatlon e Duatlon Media e Longa Distancia e Duatlon de Cross poderán participar deportistas non federados, con licenza de 1 día (en ningún caso serán os/as campións/as oficiais).
26. Os premios económicos do Campionato Galego, entregaranse unha vez rematadas as probas, no lugar que a Federación Galega determine previamente. Para ter dereito a premio e trofeo de Campión/a Galego/a o/a deportista debe de estar presente na convocatoria de entrega que faga a Federación, agás xustificación pertinente.
27. As clasificacións faranse en Duatlon e Tríatlon de estrada para as categorías de: Cadete, Junior, Sub-23, Absolutos e Veteranos (I, II e III) tanto en xénero masculino coma feminino.

Na clasificación de Acuaton non haberá categoría Sub-23 pero si se fará clasificación para as categorías menores (Benxamín, Alevín e Infantil dos dous xéneros). No Duatlon Cross e Tríatlon Cross só se fará a clasificación para Junior, Absolutos e Veteranos masculino e feminino.

Tódalas dúbidas que presente este regulamento ó longo da tempada serán resoltas pola Comisión Delegada, quen podería convocar, de así consideralo, unha Asemblea Xeral Extraordinaria da Federación. Para casos de extrema urxencia, decidirá a Xunta Directiva.

ORGANIZACIÓN E NORMATIVA DE PROBAS TEMPADA 2015

Para a organización de calquera proba oficial da FEGATRI será condición indispensable posuír licenza como “organizador”.

Circuítos de duatlón e triatlón de Estrada.

Os circuítos de Duatlon de estrada e Triatlón que serán patrocinados pola Federación Galega de Triatlón e P.M e organizados polos clubs e/ou organizadores que así o desexen terán un carácter de pechado para os deportistas que queiran libremente participar neles.

Tódolos clubs que queiran participar nos circuítos pagarán no momento de facela ficha de club 300,00 €. (esta inscrición dará opción á participación nos dous circuítos). Os triatletas independentes pagarán 100 € por participar nos mesmos.

Cada Circuíto constará de entre 3 e 5 probas.

Cada organizador dunha proba de Circuíto de Duatlon ou Triatlón de Estrada, recibirá da Federación unha subvención de 250,00 € que será aboada a comezos da tempada seguinte. Os organizadores dunha proba de Dúatlon Cross, Triatlón Cross ou Acuatlón que entreguen premios económicos, tamén se lles subvencionará este importe.

O organizador das probas poderá cobrar polas probas de circuítos ata un máximo de 30€; os/as cadetes non pagarán nada, nin tampouco o resto de categorías menores.

Os cadetes e categorías menores non pagarán inscricións en ningunha proba. No caso de inscribirse e non asistir o club pagará a penalización correspondente: 5 euros por non presentado (dita penalización será reembolsada ó organizador dende a Federación).

*Excepto nos Nada e Corre que teñen a súa propia regulamentación.

Para organizar unha proba de circuítos hai que facer unha petición á Federación aténdose ós datos e prazos sinalados pola Directiva da Fegatri e seguiranse os seguintes criterios para a concesión:

- a) Historial da proba (Seguridade e puntuación de anos anteriores).
- b) Que sexa con circuítos pechados.
- c) Que sexa para tódalas categorías.
- d) Gratuidade na proba.
- e) Premios, agasallos, etc. da proba.
- f) Orde de chegada da petición.

Os calendarios confeccionaranse tratando de respetar no máximo posible as datas das probas de carácter estatal e tamén os intereses das seleccións galegas das diferentes modalidades.

Tódalas probas de Circuito terán obrigatoriamente un seguro específico de responsabilidade civil e ademais todos os participantes estarán cubertos por un seguro de accidentes a través da licenza deportiva (anual ou de un día –esta será tramitada a través da FEGATRI) e cumprirán cos demais requisitos legais.

Organización doutras probas

Calquera outra proba que queira levar o visto bo da Federación, terá:

1º. Que ser visado o seu circuito por un Oficial Nivel III, IV ou V e/ou autorizado pola Federación.

2º. Ter un seguro específico para a proba (R.C.).

3º. Pagar un canon de 100 € á Federación.

4º. Estar cubertos por un seguro de accidentes a través da licenza anual ou no seu defecto pola licenza de un día (esta será tramitada a través da FEGATRI).

Para as probas de Media e Longa Distancia o canon a aboar á Federación irá en función do número de participantes na proba segundo a táboa seguinte:

Nº PARTICIPANTES	CANON (€)
ATA 100	100,00 €
DE 101 A 250	150,00 €
DE 251 A 500	400,00 €
DE 501 EN DIANTE	600,00 €

A Federación non obrigará nin esixirá ós xuíces federados acudir a ningunha proba que non sexa Campionato Galego ou proba de circuito, sen embargo, poderase sancionar ós xuíces que exerzan como tal, en probas non autorizadas ou recoñecidas pola Federación. Isto será de aplicación para os organizadores con licenza federativa.

Probas Escolares

As probas de escolares serán todas con circuito pechado, terán que ser os mesmos revisados por xuíces da Federación. En cada proba haberá como mínimo tres xuíces por proba (ou 2 en casos excepcionais).

Nas fases provinciais e galegas haberá como mínimo un total de cinco xuíces.

Péntatlon Moderno

A Federación organizará un Campionato Galego de Péntatlon Moderno para categorías menores (benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil) incluírá as probas de tiro, natación e carreira a pé. Tamén organizará un campionato Galego de Biatlon para tódalas categorías.

Xuíces e Arbitraxes

Por revisar os circuítos os xuíces recibirán un total de 63,75 €.

Por cada proba recibirán un total de 30,60 € (como mínimo) nas probas escolares.

Para as probas de federados haberá como mínimo, un total de sete xuíces e catro colaboradores adxuntos ós xuíces.

*** As probas organizadas pola Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno son tódolos Campionatos oficiais, a saber: Campionato Galego de Duatlon Cross Individual e Clubs, Campionato Galego de Duatlon de Estrada Individual e clubs (final), Campionato Galego de Tríatlon de Estrada Individual e Clubs, Campionato Galego de Tríatlon de Longa Distancia Individual e Clubs, Campionato Galego de Tríatlon Cross Individual e Clubs, Campionato Galego de Acuatlon Individual e Clubs, Campionato Galego de Categorías Menores de Tríatlon Individual e Clubs, Campionato Galego de Péntatlon Moderno Individual e Clubs e Campionato Galego de Biatlon Individual e Clubs.

Para todas estas probas, máis para a final escolar de Duatlon, a Federación abre a organización das mesmas a tódolos organizadores existentes con licenza en vigor da nosa Federación.

Por estes Campionatos aboarase un canon á Federación de 140,00€, agás nos individuais de Tríatlon e Duatlon que será de 250,00€.

Noutras probas de carácter estatal organizadas por calquera club que libremente o solicite e que no convenio que asine sexa necesario a participación da FEGATRI para figurar no convenio coa Institución Pública que patrocine, o canon será de 500,00€ (neste caso só figurará a FEGATRI si é estritamente necesario). Si os campionatos son dous en días consecutivos, o canon será de 600,00€.